

PLAN DE ACOLLIDA

2021-2022



CEIP RAMÓN CABANILLAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice

1. Normas de organización e funcionamento do centro derivadas do protocolo Covid	2
Acceso ás administración.....	2
Acceso para a recollida dun alumno/a antes da finalización do horario lectivo ou para traer a un alumno/a despois do horario de entrada	2
Entradas e saídas do alumnado que vén a pé	3
Portas de acceso	4
Alumnado que goza do servizo de autobús ou vén co servizo de Colecamiño	6
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección	7
Actuacións dos titores legais do alumnado	8
3. Procedemento de comunicación das incidencias.....	9
4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.....	10
5. Atención aos aspectos emocionais e sociais mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión	10

1. Normas de organización e funcionamento do centro derivadas do protocolo Covid

O centro conta cun equipo Covid que integra, ademais do profesorado, a persoal non docente, así como a membros da ANPA, incluíndo así todas as voces que poden ter aspectos importantes que aportar á convivencia da contorna da escola e o vecindario.

A principal función deste equipo, desde os seus diferentes ámbitos, é comprobar que se cumpran as medidas de seguridade e de hixiene que contempla o protocolo da Consellería, así como o Plan covid elaborado polo centro para este curso 2021-2022 e actuar axiña ante posible abrochos.

Acceso ás administración

O acceso á administración do centro educativo realízase pola porta principal (parte de arriba), é obrigatorio acceder con máscara, hixienizar as mans con hidroxel e procurar manter as distancias de seguridade. O acceso será polo tempo estritamente necesario para realizar a xestión á que se vén ao centro.

Acceso para a recollida dun alumno/a antes da finalización do horario lectivo ou para traer a un alumno/a despois do horario de entrada

O acceso é pola administración do centro educativo.

A persoa responsable do alumnado debe acceder pola entrada de administración (entrada principal, arriba). Debe parar en conserxería e cumprimentar o documento de chegada. A conserxe ou persoa na que delegue é a responsable de acompañar ao alumno/a até a súa aula e informar, mediante o documento de chegada do motivo da ausencia do alumno/a, podendo quedar así xustificada, de ser o caso.

Entradas e saídas do alumnado que vén a pé

Entradas:

As familias deben agardar na veirarrúa, e o alumnado debe situarse facendo ringleiras nos lugares sinalados para cada nivel e grupo. As entradas realízanse ordenadamente empezando polas letras B (C) e A respectivamente, para que unha vez dentro se minimicen as esperas na entrada ás aulas, onde se hixenizarán as mans.

En caso de choiva as familias poderán acceder ao recinto para achegar ao alumnado ao patio de columnas, o cal se situará debaixo do patio de columnas por ringleiras. As familias deben saír inmediatamente evitando, no posible, aglomeracións.

O profesorado agardará polo alumnado. En caso de choiva axilizaranse os tempos, pero sempre evitando no posible aglomeracións e realizando o acceso co maior silencio posible.

Saídas:

As familias deben agardar no exterior do recinto, salvo en caso de choiva que está permitido entrar con paraugas situándose na zona pola que sairía a ringleira correspondente e, neste caso, agardarán unicamente a que saia o seu fillo/a retirándose o máis rápido posible para evitar eglomeracións.

O alumnado sairá ordenadamente por ringleiras co responsable, primeiro os grupos A e despois os B (e C).

EDUCACIÓN INFANTIL					
HORARIO (O lugar está indicado en cor AMARELA no mapa) (corresponde á entrada dereita á administración do centro)					
3 ANOS		4 ANOS		5 ANOS	
Entrada	Saída	Entrada	Saída	Entrada	Saída
9,10 h.	13,55 h.	9,05 h.	13,50 h.	9,00 h.	13,45 h.
EDUCACIÓN PRIMARIA 1º ciclo (corresponde á entrada esquerda á administración do centro)					
HORARIO (O lugar está indicado en cor VERDE no mapa)					
1º NIVEL			2º NIVEL		
Entrada	Saída	Entrada	Saída	Entrada	Saída
9,05 h.	14,00 h.	9,00 h.	13,55 h.		
EDUCACIÓN PRIMARIA 2º ciclo (corresponde ao protalón de entrada do alumnado e dos autobuses)					
HORARIO (O lugar está indicado en cor AZUL no mapa)					
3º NIVEL			4º NIVEL		
Entrada	Saída	Entrada	Saída	Entrada	Saída
9,05 h.	14,00 h.	9,00 h.	13,55 h.		
EDUCACIÓN PRIMARIA 3º ciclo (corresponde á entrada de alumnado máis baixa do centro, hai chanzos)					
HORARIO (O lugar está indicado en VERMELLO no mapa)					
5º NIVEL			6º NIVEL		
Entrada	Saída	Entrada	Saída	Entrada	Saída
9,05 h.	14,00 h.	9,00 h.	13,55 h.		


Imaxe 1. Horarios de entradas e saídas

Portas de acceso

O centro educativo dispón de catro portas de entrada e saída para os diferentes niveis e grupos (véxase imaxe 2).

- As entradas realízanse segundo o horario indicado para cada nivel e grupo. A circulación no interior das instalacións queda limitada ao alumnado formando ringleiras desde as beirarrúas limítrofes ás entradas e segundo a sinalización indicadora.
- Os monitores dos autobuses guían ao alumnado ata os espazos asignados en cada caso e agardan a que dirección do centro ou alguén en quen delegue releve a supervisión:

- O profesorado de apoio de EI (2 docentes) son encargadas de recoller o alumnado de infantil de autobús e de madrugadores e de levar a este alumnado á saída da actividade lectiva ao comedor ou ao autobús.
- 2 profesoras son encargadas de recoller alumnado de 1º e 2º de EP de autobús e de madrugadores e de levar a este alumnado á saída da actividade lectiva ao comedor ou ao autobús.
- O alumnado que vén da casa ten tres zonas de entrada/saída. Unha para educación infantil (con quendas diferentes para cada nivel), outra para 1º e 2º EP, e unha máis, de 3º a 6º de EP. O alumnado correspondente colócase no espazo sinalado agardando polo profesorado que teña na 1ª sesión, que recolle ao alumnado que se sitúa nas ringleiras nas beirarrúas, segundo horario de entrada, despois ao de autobús e finalmente ao de madrugadores.



Imaxe 2. Plano de entradas e saídas do alumnado

- En primeiro lugar entran os grupos B (grupo C) e despois os A, minimizando as aglomeracións no interior. Ás saídas son ao revés, primeiro deben saír das aulas os A e despois os B. As familias deben permanecer fóra do recinto excepto en caso de choiva, que en infantil e 1º e 2 de EP se permitirá o acceso ao alumnado de xeito escalonado sen ter que agardar, e no caso de 3º a 6º permítese o acceso no acompañamento do alumnado ata poñerse a cuberto, onde o alumnado formará ringleiras para entrar no edificio no menor tempo posible.

Alumnado que goza do servizo de autobús ou vén co servizo de Colecamiño

O recinto escolar abre as súas portas ás 8.50h. e o alumnado é levado polos monitores/as á zona asignada para cada grupo agardando a ser relevados pola dirección do centro e/ou responsables nos que delegue. O profesorado responsable dos grupos de alumnado da 1ª hora recolle ao alumnado.


Os monitores/as acceden ao recinto escolar a partir das 13:50h agardando no punto de encontro asignado (hai catro números pintados no chan) á saída do alumnado, que debe ir en segundo lugar na ringleira do seu grupo clase e é entregado polo profesorado aos monitores.

O alumnado de educación infantil e de 1º e 2º é acompañado por profesorado de garda asignado para a recollida e entrega deste alumnado (xa que o responsable da clase ten que atender á entrada e saída de cada grupo no andar superior).

A persoa responsable do alumnado que teña dereito a este servizo e non goce do mesmo de xeito puntual debe avisar ao seu monitor/as de autobús, así como tamén ao centro educativo.

2. Actuacións de prevención, hixiene e protección

- ✓ Hai cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.
- ✓ Os corredores están marcados con pegadas no sentido da ruta a seguir e a distancia.
- ✓ Nos accesos ao recinto hai pegadas pintadas no chan indicando o sentido e distancia. Ademais, hai carteis indicativos do nivel e grupo correspondente e o lugar para agardar.
- ✓ A sinalización de que os baños están ocupados realízase mediante o acompañamento doutro alumno/a.
- ✓ Na porta de cada aula hai un cartel en sistema bimodal, realizado polo equipo de DO coas normas covid.



Imaxe 3. Cartel inclusivo Covid

Actuacións dos tiores legais do alumnado

- ✓ O alumnado ten que acceder ao centro con máscara, e debe traer un sobre cunha máscara de reposto, un paquete de panos de papel e un bote individual de hidroxel.
- ✓ As familias deben realizar a enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19 en caso de dúbida ante unha posible sospeita:

Presentou nos últimos días?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		


Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nos últimos 10 días?	cunha persoa Covid-19 + confirmado?		

3. Procedemento de comunicación das incidencias

Se o caso se detecta fóra do centro, o servizo correspondente de sanidade ponse en contacto co centro dando a coñecer a situación (momento en que queda xustificada a ausencia do alumno/a ao centro), ademais solicita información relevante para a identificación de posibles contactos estreitos para o seu illamento, de ser o caso. As persoas responsables, coñecedoras do caso, poden tamén poñerse en contacto co centro para indicar o caso.

Se o caso se detecta no centro activamos o plan Covid e illamos o/a alumno/a en cuestión no espazo de illamento Covid procedendo a realizar as xestións necesarias conxuntamente cos responsables sanitarios para que indiquen os pasos a realizar. A comunicación aos titores legais do alumno/a é inmediata.



Imaxe 4. Diagrama de fluxo

4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

O centro educativo ten activas todas as aulas virtuais, desde a etapa infantil a 4º de educación primaria (a profesora coordinadora das TICS conxuntamente coa secretaria levan a parte administrativa deste labor). A parte pedagóxica e de introdución de contidos en cada aula e responsabilidade de cada docente responsable, titor/a ou especialista, estando todas as aulas preparadas en caso de que algún alumno/a se confine, ou de que o faga toda unha aula.

Ademais das aulas virtuais, nos niveis de 3º e 4 de EP, neste curso académico, contan con convertibles Abalar (reutilizados) cunha maquina de software libre que permite a navegación e na que poden realizar prácticas no centro educativo das aulas virtuais e outras ferramentas de utilidade.

Nos cursos de 5º e 6º de EP o centro desenvolve as tarefas educativas coa plataforma de EVA (E-Dixgal) e o alumnado recibe especificamente formación para o seu manexo autónomo así como un guiado polos diferentes contidos.

5. Atención aos aspectos emocionais e sociais mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

O alumnado de nova incorporación é informado de todos os aspectos relativos ao ensino, así como as súas familias. Facilítaselles o material que precisen e infórmaselles das peculiaridades da súa situación (exención do galego, necesidades TIC, etc., segundo o caso).

As familias de alumnado que, por diversos motivos, poida estar vivindo unha situación de fenda dixital poden poñerse en contacto co centro para activar o protocolo que se lle facilita o necesario para poder realizar as tarefas educativas necesarias.

A pandemia afectou á vida do alumnado e as súas familias. É importante explicar os cambios que hai na escola, a importancia da hixiene e un bo uso da máscara. Somos conscientes da dificultade que vai supoñer o distanciamento nestas idades pero tamén hai que salientar que se as familias o fixeron ben xa levan un curso adaptándose a esta situación.

Deben comprender a importancia de falar o mínimo posible durante os tránsitos, nos corredores, para evitar a propagación do virus en movemento. Ademais, deben procurar falar baixo e cos compañeiros/as próximas, evitando erguerse das cadeiras durante as clases.

Deben comer ou beber (tamén nas merendas de recreo) o máis separados/as posible, polo menos a 1 metro e medio de distancia.

Hai que animalos a que o importante é ver aos seus amigos, que esta é unha situación transitoria e que algún día vai cambiar. Debemos insistirle que todos os cambios que houbo son para que se sintan seguros e transmitirles tranquilidade.

O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporte solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.